<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación.</li> <li>- Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiáns.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaón e a prohibición.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, e a función textual.</li> <li>- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.</li> <li>- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación.</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.</li> <li>- Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.</li> <li>- Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.</li> </ul>



**Contidos**

- Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio propio.
- Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información, e como ferramenta para o enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, as condicións de vida e as relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
4	Time to Celebrate	33

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Interpretar e analizar o significado global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodais como libros ilustrados, páxinas web, presentacións de diapositivas, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, propios dos ámbitos das relacións interpersoais, da aprendizaxe, dos medios de comunicación e da ficción, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos medios.	Extraer as ideas principais dos textos propostos.	PE	40



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada as estratexias e os coñecementos máis axeitados en situacións comunicativas cotiás para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información.	Aplicar estratexias de reading e listening		
CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos esenciais do seu funcionamento.	Identificar semellanzas e diferenzas entre L1 e a lingua inglesa.		
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves, sinxelos, estruturados, comprensibles e axeitados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos, en diferentes soportes, utilizando de maneira guiada recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación e control da produción.	Expresar oralmente ideas xerais de xeito comprensíbel		
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e comprensibles, con aceptable claridade, coherencia, cohesión e adaptación á situación comunicativa proposta, seguindo pautas establecidas, mediante ferramentas analóxicas e dixitais, sobre temas cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Expresar graficamente ideas xerais de xeito comprensíbel		
CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos comprensibles, coherentes e axeitados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, utilizando coa axuda os recursos físicos ou dixitais máis axeitados en función da tarefa e das necesidades de cada momento, tendo en conta a persoa a quen vai dirixido o texto.	Aplicar estratexias de writing	TI	60
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximas á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos como a repetición, o ritmo lento ou a linguaxe non verbal, e amosando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Participar en situacións interactivas con achegas propias		
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e nun contorno próximo, estratexias adecuadas para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións.	Aplicar estratexias comunicativas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender a diversidade, mostrando respecto e empatía polas e polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por participar na resolución de problemas de intercomprensión (entre as distintas linguas) e de comprensión na súa contorna máis próxima, contando con diversos recursos e apoios.	Transmitir información entre diferentes soportes, rexistros e formatos		
CA1.9 - Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e facilitar a comprensión e produción de información e comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, utilizando recursos e soportes físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias de mediación lingüística		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias para mellorar a súa capacidade de comunicación e aprendizaxe da lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e medios analóxicos e dixitais.	Aplicar estratexias de aprendizaxe dunha lingua estranxeira. Usar o repertorio lingüístico.		
CA2.3 - Identificar e rexistrar, de forma guiada, os avances e dificultades na aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar estas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe, facéndooos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación (como as propostas non Portfolio Europeo de Linguas [PEL] ou nunha revista de aprendizaxe).	Completar tarefas de planificación, reflexión e autoavaliación da aprendizaxe		
CA3.1 - Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as distintas linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.	Actuar axeitadamente ante as diferenzas con outras culturas		
CA3.2 - Aceptar e adaptarse á diversidade lingüística, cultural e artística dos países onde se fala a lingua estranxeira, recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e amosando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que favorezan a sustentabilidade e a democracia.	Valorar a importancia da diversidade cultural		
CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo aos valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar estratexias de defensa e apreciación da diversidade lingüística e cultural		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación.</li> <li>- Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> </ul>

## Contidos

- Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas.
- Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaón e a prohibición.
- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, e a función textual.
- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.
- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio propio.
- Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información, e como ferramenta para o enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, as condicións de vida e as relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura,

## Contidos

- costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Para conseguir todo os obxetivos mínimos previstos non podemos falar dun enfoque metodolóxico en concreto, pero se o que queremos acadar é a obtención dunha competencia comunicativa, debemos seguir un método comunicativo por medio de tarefas, proxectos etc. Os libros de texto axudan a garantir o equilibrio na ensinanza das destrezas básicas. Os módulos do Student's Book divídense en tres seccións de catro páxinas que subministran o vocabulario e a gramática que cómpren para afrontar a tarefa coa que remata cada unha. Hai dous textos por módulo baseados en material verdadeiro. Tamén se presentan tres grupos de vocabulario temático contextualizado en cada módulo, con lecturas engadidas, e actividades de reciclaxe para revisar o vocabulario que se aprendeu con anterioridade e asegurar o repaso e o enriquecemento constantes. Os exercicios interdisciplinares e culturais están integrados nos propios módulos, o cal subministra unha maneira natural de conectar a aprendizaxe do inglés co mundo real. A gramática, que cobre todos os requisitos do novo currículo oficial, preséntase nun contexto actual tanto no oral como no escrito. Ao remate do libro está a sección Grammar Lab, que contén cadros gramaticais presentados de maneira clara e tamén exercicios engadidos en dous niveis para repasar e practicar. Tamén se subministran unha gran variedade de tarefas comunicativas que permitan aos alumnos/as practicar a linguaxe funcional útil en distintas situacións da vida real; cada módulo inclúe un vídeo Life Skills con actividades para practicar a comprensión e produción oral. O apartado de pronuncia céntrase nas dificultades habituais dos alumnos/as á hora de pronunciar as palabras e frases en inglés. Tamén hai actividades engadidas de comprensión e expresión oral en todos os módulos que desenvolven destrezas lingüísticas produtivas para axudar aos alumnos/as a comunicárense de maneira eficaz no mundo real. Os contidos da guía de escritura están coidadosamente estruturados módulo a módulo para practicar as destrezas de escritura básicas e ofrecer axuda á hora de realizar as tarefas. A Interactive Classroom atópase ao longo de todo o libro e permite unha aprendizaxe dinámica e constante coa axuda de distintas ferramentas.

Tamén hai seccións de repaso (Reviews) no Student's Book. Estas inclúen exercicios de repaso do vocabulario e a gramática, unha páxina para pór en práctica as habilidades adquiridas e unha páxina de literatura con fragmentos de animación literarios. As Culture Quizzes, páxinas que compoñen unha sección de cultura e temas transversais, aparecen ao final do Student's Book. Nelas relaciónase o inglés con outras materias do currículo escolar (CLIL) e introdúcese aos/ás estudantes a unha ampla variedade de aspectos culturais do mundo de fala inglesa e do mundo en xeral. Cada páxina inclúe un vídeo cultural que presenta contidos interesantes e verdadeiros cun nivel axeitado, así como actividades de comprensión. Deberase ter en conta os diferentes niveis, as diversas capacidades e os diferentes estilos de aprendizaxe dos alumnos á hora de programar as tarefas, que polo tanto deberán amosar distintos niveis de coñecemento e han de ser variadas para que o alumno amose as súas capacidades e poida desenvolver-la súa autonomía.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto Network 1 Student's Book e a súa versión dixital.
Libro de exercicios Network 1 Workbook e a súa versión dixital.
Interactive Student Network 1.
Materiais impresos e dixitais de Network 1 All-in-One Pack.

Learning Diary & Progress Check
Aula virtual - Edixgal
Libros de lectura graduada
Outros materiais escritos e materiais audiovisuais

Empregaránse diferentes materiais didácticos coa finalidade de diversificar non só a metodoloxía didáctica senon tamén a aprendizaxe individual. Hoxe en día contamos cunha grande diversidade de recursos pedagóxicos para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar. O libro de texto é un importante apoio para o profesorado e para o alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante, débese ter en conta que non debe determinar a función do docente nin a súa metodoloxía, polo que o profesorado, como profesional que é, determinará e xestionará o seu uso. Ademais do libro de texto empregárase material complementario, elaborado polo docente, que se acomode ás oportunidades que se presenten na aula. Os estudantes elaborarán cadanseu Learning Diary, no que recollerán as súas reflexións sobre a lingua e a aprendizaxe da mesma. Ademais, o alumnado requerirá dun caderno de traballo ou cartafol onde plasmará as tarefas de xeito ordenado e boa presentación, xa que será unha mostra máis do seu traballo e progreso. Logo están os recursos que se ofrecen ao alumnado a través da Aula Virtual que poden realizarse e entregarse a través da plataforma. Así mesmo a Aula Virtual permite ao docente deseñar diferentes tipos de tarefas avaliáveis, e comunicarse co alumnado.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación diagnóstica ou de coñecementos previos faise habitualmente ó comezo do curso co obxectivo de detectar posibles problemas de aprendizaxe, saber o nivel do que partimos e tamén considerar de qué modo aprenderon, a metodoloxía, etc. A avaliación dos coñecementos previos tamén se pode facer antes de comezar cada unidade, utilizando os obxectivos primordiais e preguntando ós alumnos/as o que saben de cada un e cales pensan que deberán traballar máis.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>5</b>	<b>10</b>	<b>25</b>	<b>60</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	47	40	40	40	<b>40</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	53	60	60	60	<b>60</b>

#### Criterios de cualificación:

Destacamos que a avaliación da materia é formativa e continua, e levarase a cabo ao longo do todo o curso, de modo que o que se estuda nunha avaliación non é independente da seguinte nin da anterior. Na cualificación de cada avaliación ponderáranse os seguintes apartados:

##### BLOQUE 1: COMUNICACIÓN

- Comprensión de textos orais e escritos (CA1.1 + CA1.2): 25% (Listening 10% + Reading 15%).
- Produción de textos orais (CA1.3 + CA1.6 + CA1.7) e escritos (CA1.4+CA1.5) + Mediación (CA1-8 + CA1.9): 25% (Writing 15% + Speaking 10%).

##### BLOQUE 2: PLURILINGÜISMO

- Reflexión sobre a lingua e a aprendizaxe da mesma. Uso do repertorio lingüístico (CA2.1+CA2.2+CA2.3): 40%

(Grammar & Vocabulary 35% + Learning Diary & Progress Check 5%).

### BLOQUE 3: INTERCULTURALIDAD

- Valoración da diversidade lingüística e cultural a través da lingua inglesa (CA3.1 + CA3.2 + CA3.3): 10% (Participación, actitude hacia o proceso de aprendizaxe e hacia a lingua, realización de tarefas, participación nas actividades complementarias...)

Para aprobar cada avaliación, o alumno ou alumna ten que obter unha puntuación global mínima de 5.

Cada apartado pode ser avaliado cunha ou máis probas, segundo o profesor o estime conveniente.

\* Poderá haber un libro de lectura graduada no segundo e / ou terceiro trimestre. Na avaliación dese trimestre, a nota das tarefas e/ou probas sobre o libro de lectura serán tidas en conta dentro do 15% destinado á comprensión de textos escritos (Reading).

A mala conducta dun alumno/a nun exame (copiar) implicará que a devandita proba sexa cualificada cun 0. Respecto á non asistencia a un exame, aplicarase o que esteña establecido nas NOF do centro.

Ao ser a avaliación da materia Inglés formativa e continua, para calcular a nota final da materia e que figurará na avaliación ordinaria, aplicarase a seguinte ponderación: 1ª AVALIACIÓN 15% + 2ª AVALIACIÓN 25% + 3ª AVALIACIÓN 60%.

Para aprobar a materia, o alumno ou alumna ten que obter unha puntuación global mínima de 5.

### Crterios de recuperación:

A avaliación da materia é formativa e continua e levarase a cabo ao longo do todo o curso, de modo que o que se estuda nunha avaliación non é independente da seguinte nin da anterior. Polo tanto, non haberá probas de recuperación despois de cada avaliación. Tal e como establece a Orde do 25 de xaneiro de 2022, e no contexto do proceso de avaliación continua, adoptaranse medidas de reforzo co alumnado cuyo progreso non sexa o adecuado no momento que sexa necesario. Deste xeito, entregaráselle boletíns con actividades de reforzo co propósito de axudar ao alumno ou alumna que suspenda unha avaliación parcial a acadar os obxectivos do curso.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materia Lingua Estranxeira Inglés 1º ESO pendente de aprobar deberá seguir un plan de reforzo destinado á recuperación e á superación da materia pendente. Será o profesorado que no curso actual lle imparte a materia de Lingua Estranxeira Inglés ao alumnado, baixo as directrices do departamento de Inglés, o que elabore e faga o seguimento deste plan de reforzo, tendo como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. O departamento de Inglés velará pola realización do plan por parte da alumna ou alumno.

O procedemento do plan de reforzo a seguir será o seguinte: o alumno/a realizará dous boletíns de exercicios correspondentes o libro de texto do curso anterior e entregarllo á profesora correspondente na data fixada polo departamento (vexase abaixo). O apoio do profesorado concéntrase na atención a alumnos para aclarar dúbidas relativas a eses contidos e actividades.

Os obxectivos serán os da materia no nivel correspondente que non se superou.

Os contidos son os mínimos da materia no nivel correspondente que non se superou.

Metodoloxía: os contidos organizaranse do xeito que o profesor estime máis conveniente para cada caso.

A avaliación do plan de reforzo será considerada positiva, e por tanto a materia pendente superada, se se da algún dos seguintes supostos:

1. A alumna ou alumno obtén unha cualificación mínima de 5 na segunda avaliación do curso no que esté matriculado actualmente.

2. No caso de que a alumna ou alumno non acade os obxectivos da segunda avaliación, deberá realizar unha proba que se celebrará no mes de abril. Esta proba suporá o 80% da nota, mentras que a realización dos exercicios dos dous boletíns de reforzo equivalerá ata o 20% da nota. Se entregase só un dos boletíns, a proba escrita representa un 90% da nota final e o boletín entregado ata un 10%. Pola contra, a cualificación da materia pendente obterase só da proba escrita (100%) se o alumno ou alumna non entregou ningún boletín.

3. Tendo en conta a natureza continua da materia de Inglés, se o alumno/a acada os obxectivos do curso na avaliación final ordinaria, enténdese que acadou tamén os de cursos anteriores e, polo tanto, tería unha cualificación de 5 nas materias de Inglés pendentes.

Datas para a entrega dos boletíns de exercicios do plan de reforzo: 1º Trimestre: 11 decembro. 2º Trimestre: 11 marzo.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Este curso atopámonos cunha gran diversidade entre o noso alumnado. Cremos que una resposta adecuada á diversidade nesta etapa supón que o ensino e a aprendizaxe da lingua se desenvolvan dun xeito variado e flexible e unha metodoloxía ecléctica. A organización, o deseño e o seguemento das actividades e tarefas escolares deben ser o máis diversas posibles e deben facilitar ó alumnado, na medida do posible, a implicación e participación na propia aprendizaxe, estimulando a súa autonomía neste proceso. Por un lado, é conveniente crear situacións onde o alumnado poda planificar e desenvolver pola súa conta as tarefas, solicitando a axuda do profesor cando a necesiten; e por outro, establecer na aula un clima afectivo e de confianza. Os criterios de diversificación e flexibilidade esixen configurar os espazos, os tempos e os agrupamentos de forma que podan ser revisados en momentos puntuais.

Neste grupo de 2º ESO non hai ningún alumno ou alumna con altas capacidades pero sí alumnado con dificultades de aprendizaxe, alumnos que repiten curso e alumnos con materias pendentes. Dependendo de cada caso, levarase a cabo unha atención individualizada (reforzos educativos e adaptacións curriculares) ou elaboraranse programas específicos de intervención.

### ADAPTACIÓN CURRICULAR

Este ano académico, estamos a realizar adaptación curricular a unha alumna do grupo.

### ATENCIÓN Ó ALUMNADO CON TRASTORNO DE DÉFICIT DE ATENCIÓN

Con data de entrega desta programación, non nos consta ningún alumno ou alumna do grupo diagnosticado con TDAH pero, no caso de que ao longo do curso se diagnosticase algún, sempre teremos en conta o protocolo establecido para o alumnado TDAH, considerando sempre as diferencias existentes dentro do alumnado con este trastorno.

### ATENCIÓN Ó ALUMNADO REPETIDOR

No grupo hai tres alumnos/as repetindo 2º ESO. Adoptaremos as medidas que se establezan para cada un deles no plan específico personalizado de repetidores e que siguen as directrices da consellería de educación.

### ATENCIÓN Ó ALUMNADO COA MATERIA DE INGLÉS PENDENTE

Como xa se explicou no apartado 5.3 desta programación, este alumnado seguirá un plan de reforzo.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial		X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X		X	X
ET.7 - Igualdade de xénero	X	X		
ET.8 - Creatividade	X	X	X	X
ET.9 - Educación de calidade	X	X	X	X
ET.10 - Saúde e benestar			X	



	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.11 - Vida de ecosistemas terrestres		X		X

**Observacións:**

Inclúense tamén os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentábel expostos na Axenda 2030.

**7.2. Actividades complementarias**

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Concurso de cabazas (Halloween)	Elaboración voluntaria de cabazas de Halloween para exponer no centro.	X		
Thanksgiving	Traballaremos na aula o orixen desta festividade anglosaxona, así como o vocabulario relacionado con ella.	X		
Christmas	Elaboración de tarxetas navideñas en inglés.	X		
Saint Patrick's Day	Traballaremos na aula o orixen desta festividade irlandesa, así como o vocabulario relacionado con ella. Treasure Hunt polo centro con preguntas relacionadas con esta festividade.		X	
Charla cultura anglosaxona	Charla cultural a cargo da nosa editorial de libros de texto, Burlington.			X

**Observacións:**

As actividades extraescolares e complementarias teñen como finalidade completar a educación académica e contribuír á formación integral do alumnado. Serán, polo tanto, un instrumento para potenciar valores e actitudes necesarios para a convivencia: tolerancia, solidariedade, responsabilidade, etc. Dende o departamento de Inglés, traballaranse algunhas das datas especialmente significativas na cultura anglosaxona sempre que se presten as condicións adecuadas de tempo de preparación por parte do profesor e da colaboración do alumnado (véase enriba).

**8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.



<b>Metodoloxía empregada</b>
Reviso e corrixo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.
Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Fomento e animación á lectura e estratexias de comprensión escrita.
Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou doutro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.
<b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>
Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.

#### **Descrición:**

Coa fin de avaliar a práctica docente e o proceso de ensino, tanto profesorado como alumnado poden responder, ao termo de cada trimestre, un cuestionario con estes indicadores onde o grao de consecución será: Sempre / Ás veces / Nunca.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Nas reunións do departamento farase un seguimento mensual do cumprimento da programación e as modificacións que se poidan estimar convintes. O seguimento do noso proxecto didáctico farase atendendo ás seguintes cuestións:

- a) Adecuación de obxectivos e contidos da programación ás características e necesidades do alumnado do grupo.
- b) Porcentaxe da programación impartida en cada avaliación. Se o grado de desenvolvemento da programación é inferior a un 75%, os membros do departamento deben analizar as causas e aplicar as correccións que sexan necesarias.
- c) Considérase que a programación destes aspectos pode ser mellorada cando a porcentaxe do alumnado aprobado é inferior a media das demais materias. Neste caso compre unha reflexión sobre o tema por parte do Departamento que leve a atopar as causas do problema e a buscar solucións.
- d) Cumprimento dos obxectivos da programación adicado a cada unha das destrezas.
- e) Nivel de aplicación das medidas de atención á diversidade.

## 9. Outros apartados